




EDITORIAL GALAXIA

NOVIDADES



VICTORINO PÉREZ PRIETO

Prisciliano na cultura galega

Un símbolo necesario

Adro de M^a Pilar García Negro

Colección ENSAIO

EDITORIAL GALAXIA 2010, 320 páxinas

P. V. P. 26,20 €IVE incluído

978-84-9865-221-5



O MÁRTIR DE TRÉVERIS

Segundo escribiu Otero Pedrayo, “Prisciliano é a maior personalidade que Galiza xerou; foi do seu tempo e aínda máis profundamente do seu pobo”. Así e todo, esta é aínda unha figura bastante descoñecida para a maioría e, cando non o é, adóitase ter ideas confusas acerca da súa persoa e do seu pensamento. *Prisciliano na cultura galega* tenta facer un achegamento científico á súa personalidade. Pero este libro é moito máis, non só fala da vida e a obra de Prisciliano, senón do priscilianismo, que viviu activo máis de dous séculos despois da súa tráxica morte.

O teólogo Victorino Pérez Prieto deixa de manifesto neste libro, de maneira case exhaustiva, **o peso e a importancia** de Prisciliano na cultura galega, sobre todo desde o século XIX ata os nosos días. Salientablemente en figuras tan senlleiras coma Otero Pedrayo, Castelao, Portela Valladares ou Méndez Ferrín. Finalmente, e consonte co mesmo título do libro, deféndese a tese de que, alén do que poidamos saber de Prisciliano, o mártir de Tréveris é un símbolo necesario na construción da identidade galega.

VICTORINO PÉREZ PRIETO (1954, Hospital de Órbigo-León) é doutor en Teoloxía pola Universidade Pontificia de Salamanca e especialista en interculturalidade e interrelixiosidade. Actualmente dá clases nas Universidade de Santiago e A Coruña, e conferencias por Galiza e fora do país. Foi director da revista *Irimia* (1981-1993) e pertence ao Consello de Redacción de *Encrucillada*; ademais destas, é colaborador habitual de *A Nosa Terra*, *Grial*... e outras revistas galegas e españolas (*Iglesia viva*, *Vida Nueva*, *Alandar*...); colaborou habitualmente nos xornais galegos *El Progreso*, *Diario de Ferrol* e *La Voz de Galicia*. Publicou *A xeración "Nós"*, *Galeguismo e relixión* (1988), *Galegos e cristiáns*, *"Deus fratresque Gallaeciae"* (1995), *Do teu verdor cinguido. Ecoloxismo e cristianismo* (1997), *A Romaxe de Crentes Galegos*, *De Irimia a Santa Margarida* (1998), *Con cordas de tenrura* (2000), *Contra a síndrome N.N.A. (Non hai Ningunha Alternativa)*, *Unha aposta pola esperanza* (2005), *Os ríos pasan cheos de Deus. Poesía relixiosa en galego* (2007), *Más allá de la fragmentación de la teología el saber y la vida: Raimon Panikkar* (2008), *Dios, hombre, mundo. La Trinidad en R. Panikkar* (2008) e *Obras de teatro (grandes e pequenas) para o Nadal* (2009).

EDITORIAL GALAXIA, S. A.

Departamento de Comunicación

Avenida de Madrid 44, baixo. 36204 Vigo. Telf.: 986 432 100 / Fax: 986 223 205 galaxia@editorialgalaxia.com